XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

DOCUMENTO:

MEMORIA FUNCIONAL COMPLEMENTARIA

ACTUACIÓN:

MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

DATA:

NOVEMBRO 2024

CVE: nuxUGedNm0D0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

En resposta á petición de aclaración solicitada desde a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, esta memoria funcional complementaria ten por obxecto ampliar a xustificación da apertura a persoal funcionario da Xunta de Galicia e das entidades locais do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia no posto de nova creación de Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación dependente da Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo.

A Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo é o órgano encargado da coordinación das competencias e funcións en materia de vivenda, rehabilitación, rexeneración urbana, habitabilidade, urbanismo e planificación territorial enumeradas no artigo 11 do Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Para o desenvolvemento destas tarefas, esta Secretaría Xeral conta coa Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación que, tal e como se recolle na memoria funcional da modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, asinada, con data do 8 de xullo de 2024, polo secretario xeral técnico, ten encomendado, entre outras funcións, a elaboración dos informes respecto dos instrumentos de ordenación do territorio, que se formulen por iniciativa da consellería relativas ao desenvolvemento de solo residencial e á implantación de vivenda, así como o impulso da cooperación, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión, planificación do territorio e promoción da vivenda.

O feito de que no eido do urbanismo conflúan, nun mesmo territorio, competencias da Administración autonómica e local, é polo que se considera que os funcionarios da Administración Local reúnen os coñecementos e a experiencia na xestión urbanística que os habilita para o desempeño de postos cuxo contido funcional se centran nesta materia. Ademais, a posible incorporación de persoal da Administración Local a postos como o da Subdirección Xeral de Coordinación e Planificación posibilita ampliar o perfil dos candidatos tendo en conta as habilidades e coñecementos específicos no eido local e para un desenvolvemento eficaz das funcións atribuídas.

Por outra parte, respecto ás funcións do Servizo de Apoio Técnico, adscrito á Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación da Secretaria Xeral de Vivenda, deixase sen efecto a modificación proposta inicialmente, no relativo ao corpo/escala de adscrición.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

CVE: nuxUGedNm0D0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

A xefa do servizo de Persoal e Xestión Económica

Mª Carmen Barros Fornos

CONFORME
O secretario xeral técnico
Yago Borrajo Sánchez

Asinado por: BARROS FORNOS, MARIA DEL CARMEN
Cargo: Xefa de servizo de persoal e xestion económica
Data e hora: 27/11/2024 14:02:08

Asinado por: BORRAJO SÁNCHEZ, YAGO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 03/12/2024 09:00:55

CVE: nuxUGedNm0D0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve